

@HannahPechano/TheOceanAgency

ACTIVIDADES ATA O 5 DE NOVEMBRO



POR **AMOR AO MAR**

Coidar os mares é coidar do planeta e de nós mesmos. Enróláte por un futuro azul e ven celebrar, bailar e empaparte de mar na Coruña, a cidade-barco.



ENRÓLATE POR
 UN FUTURO AZUL

DÉCADA DOS
 OCEANOS



2021
 2030
 Década das Ciencias Océanicas
 para o Desenvolvemento Sostible
 das Nacións Unidas.

COLABORAN



XOVES 23 SET.

VENRES 24 SET.



De 6 a 9 h da mañá

GASTRONOMÍA. O CRU E O COCIDO

Ven coñecer os segredos da poxa de peixe que chega ao porto da Coruña a diario e goza despois dun almorzo mariñeiro.

- 📍 Lonxa da Coruña
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



ESTUDANTES

De 10 a 13:30 h

LIMPEZA DE PRAIA E TALLER ORT. SACAMOS MÚSICA DO MAR

Os músicos da Orquesta Reusónica Trío amósannos como facer música a partir dos refugallos atopados nas praias. A auténtica música da reciclaxe!

- 📍 Praia de Orzán/Riazor
- 👤 Grupo-aula de estudantes de primaria (último ciclo)
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



ESTUDANTES

De 12 a 13 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON BARBARA VEIGA. MULLERES QUE PROTEXEN O MAR

Escritora, aventureira e fundadora da Liga das mulleres polo océano, reunirse con estudantes para contarlles o seu traballo en defensa dos océanos.

- 📍 Centro educativo
- 👤 Estudantes
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 19 a 20 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON BARBARA VEIGA. MULLERES QUE PROTEXEN O MAR

Enfrontouse a grandes tormentas mariñas, á abordaxe de piratas en costas africanas e aos pescadores ilegais nas Illas Feroe. Bárbara Veiga cóntanos como é a súa vida de defensora dos mares.

- 📍 Auditorio Fundación Paideia
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 19 a 20 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON MANU SAN FÉLIX. O MAR É PURA VIDA

San Félix compartirá as súas experiencias no programa Pristine Seas, unha iniciativa de National Geographic para promover as áreas mariñas protexidas.

- 📍 DOMUS
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 20:15 a 21:45 h

CONCERTO ORQUESTA REUSÓNICA TRÍO

Auténtico world jazz tocado con calquera obxecto procedente de refugallos, capaz de xerar sons e de facer música do insólito.

- 📍 Patio do Castelo de Santo Antón - Museo Arqueolóxico
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse

SÁBADO 25 SET.



De 10 a 12 h

DEPORTE. BAUTISMO DE NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS

A baía da Coruña é o mellor lugar para iniciarse na natación en augas abertas, e o bautismo ten lugar no mesmo día no que se celebra a Travesía Costa C10000!

- 📍 Paseo do Parrote. Fronte á entrada de La Solana
- 👤 De 10 a 99 anos, que saiba nadar
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 10 a 14 h

COCIÑA A BORDO CON IVÁN DOMÍNGUEZ

O mellor plan para unha mañá de sábado: navegar pola baía no Juan de Lángara e probar os bocados mariñeiros preparados por Iván Domínguez, o cociñeiro máis atlántico da Coruña.

- 📍 Goleta Juan de Lángara, Peirao do Parrote, s/n
- 👤 De 18 a 70 anos
- 📄 Gratuíta, por sorteio en redes sociais



COCIÑEÍROS

De 11 a 12 h

IMPACTO POSITIVO A TRAVÉS DA GASTRONOMÍA. ENCONTRO CON ÁNGEL LEÓN E JAVI OLLEROS.

Compartirán con chefs da Coruña a súa experiencia transformando a súa cociña nun lugar no que a gastronomía sostible alcanza a excelencia.

- 📍 La Mansión, 1783. Avenida da Mariña, 14
- 👤 Cociñeiros da Coruña
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 11 a 21 h

MERCADO DO MAR

Showcookings, presentación e venda de produtos do mar sustentables, obradoiros, concertos, catas e moito máis. Todo o sabor e a riqueza do mar. Consulta o programa completo na web.

- 📍 La Mansión, 1783. Avenida da Mariña, 14
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 12 a 13 h

VISITA COMENTADA Á EXPOSICIÓN ETERNAL PELAGUS. BARBARA VEIGA

A aventureira e escritora brasileira comentará a súa exposición.

- 📍 FNAC Coruña. Praza de Lugo, s/n
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, ata completar capacidade



De 12:30 a 14:30 h

VISITA INTERMAREAL EN FAMILIA. NA BUSCA DO TESOURO

Coa marea baixa, descubriremos a vida secreta da praia cos expertos do Centro Oceanográfico da Coruña, ao tempo que axudamos a manter a praia limpa.

- 📍 As Xubias - Xubias de Arriba, 15. Fronte ao CEE María Mariño
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 18 a 19 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON ÁNGEL LEÓN E JAVI OLLEROS

Apaixonache a cociña e o medio ambiente? Non perdas esta charla distendida entre os dous grandes expoñentes da alta gastronomía con impacto positivo.

- 📍 Auditorio da Fundación Paideia
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse



De 18 a 19 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON FRANCISCO SÁNCHEZ

Biólogo mariño do IEO, Sánchez levaranos aos espazos mariños protexidos do norte de España: ao monte Cachucho en Cantabria, ao sistema de canóns submarinos en Avilés e ao Banco de Galicia.

- 📍 DOMUS
- 👤 Todos os públicos
- 📄 Gratuíta, logo de inscribirse

DOMINGO 26 SET.



De 10 a 14 h

II GRAN LIMPEZA DE FONDOS MARIÑOS

Decenas de mergulladores e voluntarios danse cita nesta espectacular acción civil para limpar unha zona submarina que pronto será un lugar de baño público no corazón da cidade.

- 📍 Paseo do Parrote (entre a dársena e o castelo de Santo Antón)
- 👤 Todos os públicos
- 🆓 Libre

De 11:30 a 13:45 h

PROYECCIÓN. OCEAN FILM FEST

Nove historias cativadoras de amor polo mar. Descubre o océano como fonte de inspiración e escenario de infinitas aventuras.

- 📍 Domus
- 👤 Todos os públicos
- 🆓 Gratuíta, logo de inscribirse



De 17 a 18 h

ENCUNTRO INSPIRADOR CON GARDACOSTAS DE GALICIA

David Abad, membro deste corpo de elite do mar galego, contaranos como é o día a día deste equipo, galardoado co premio máis prestixioso da aviación por dous arriscados rescates.

- 📍 DOMUS
- 👤 Todos os públicos
- 🆓 Gratuíta, logo de inscribirse


De 18:30 a 19:30 h

ENCUNTRO INSPIRADOR CON MICHEL ANDRÉ

Tras máis de dúas décadas estudando os sons do mar, André compartirá as súas experiencias sonoras e a utilidade de coñecer o que se escoita baixo as augas.

- 📍 DOMUS
- 👤 Todos os públicos
- 🆓 Gratuíta, logo de inscribirse

FESTIVAL
mar de
mares



COVID-19: Todas as actividades celebraranse seguindo a normativa sanitaria e será precisa a inscrición previa. Infórmate na nosa web dos posibles cambios.

En www.festivalmardemares.org atoparás información actualizada e poderás facer as túas reservas.

OUTRAS ACTIVIDADES

1906



Do 30 setembro ao 10 de outubro XORNADAS GASTRONÓMICAS. MAR-IDAXES CON CERVEZAS 1906

A partir do encontro con Ángel León e Javi Olleros, os cociñeiros dos establecementos gastronómicos da Coruña elaborarán unha maridaxe perfecta entre a cervexa 1906 e os produtos mariños de tempada e proximidade.

📍 Establecementos gastronómicos da Coruña

Do 23 setembro ao 24 de outubro EXPOSICIÓN A AGUA DA VIDA. MANU SAN FÉLIX

O fotógrafo e explorador de National Geographic móstranos coas súas imaxes a beleza dos nosos mares e convidanos a reflexionar sobre a dependencia que todos temos dos océanos.

📍 Dársena da Mariña
👤 Todos os públicos
📄 Gratuíta



Do 1 ao 30 de outubro De martes a sábado, de 10 a 14 h e de 17 a 20 h EXPOSICIÓN SOMOS MAR II

Diversos artistas galegos ou establecidos en Galicia ofrécennos a súa visión do océano e a súa relación cos mares. Vídeo, escultura, debuxo, instalación e fotografía recollen a influencia do mar na arte do noso tempo.

📍 Capela de San Roque (Sada)
👤 Todos os públicos
📄 Gratuíta

Permanente na Web do Festival EXPOSICIÓN DÉCADA DOS OCÉANOS

Artistas gráficos de todo o mundo únense nesta exposición virtual de impresionantes imaxes para advertir da necesidade de conservar os mares no ano de comezo da Década dos Océanos da ONU.

📍 www.festivalmardemares.org



Do 25 de setembro ao 5 de novembro EXPOSICIÓN ETERNAL PELAGUS. BARBARA VEIGA

Aventureira e escritora, con Eternal Pélagus Veiga amosa imaxes tomadas durante os vinte anos que leva dedicada á defensa dos océanos.

📍 FNAC Coruña. Praza de Lugo, s/n
👤 Todos os públicos
📄 Gratuíta

Venres 24 e sábado 25, de 19 a 22 h Domingo 26, de 10 a 13 h VISITAS. A CORUÑA DESDE O MAR. TRAVE- SÍAS EN GOLETA

A cidade vista desde o mar. Un paseo pola ría para coñecer a riqueza da paisaxe e do ecosistema mariño, acompañados da experta tripulación do histórico veleiro Juan de Lángara.

📍 Goleta Juan de Lángara. Peirao do Parrote, s/n
👤 De 18 a 70 anos
📄 Gratuíta, a través de sorteo nas redes sociais do Festival



ESTUDANTES

S. 25 de setembro - As pedras do Mar da Torre D. 26 de setembro - Tras as pegadas do gremio de mareantes. // De 11 a 13 h PASEOS A PÉ POLA CIDADE-BARCO

Unha rocha no mar, iso é A Coruña, unha cidade-barco. Xurxo Souto, coñecedor de todas as historias mariñeiras da cidade, conduce dous paseos para mergullarse no máis profundo desa conexión.

👤 Todos os públicos
📄 Gratuíta, logo de inscribirse

Outubro VISITA INTERMAREAL PARA ESTUDANTES E ENCONTRO INSPIRADOR IEO

Unha oportunidade única para iniciarse no apaixonante mundo das especies mariñas e na profesión de biólogo mariño, da man dos expertos do Centro Oceanográfico de Coruña, a pé de praia.

👤 Estudantes de secundaria, bacharelato e ciclos
📄 Gratuíta, logo de inscribirse